

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 14 DE NOVEMBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 14 de novembro de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 11 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez, suplente

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. María Blanco Rodríguez, técnica de Administración xeral  
D<sup>a</sup>. Luz María González Domínguez (asiste aos puntos 5a e 6b)  
D<sup>a</sup>. Mar Soto García, vogal suplente da xefa do Servizo de Igualdade, asiste ao punto 3)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### 1.- Incidencias

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo (8.862-113) (ampliación prazo emisión informe)**

Ponse en coñecemento da Mesa de Contratación que con data 11 de novembro de 2019, o xefe do Servizo de Administración Electrónica comunica que o informe solicitado de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor non se poderá emitir antes do 15 de novembro de 2019.

### 2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

#### **a) Procedemento aberto mixto para a contratación de servizos e subministros dun sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de Beacons e a súa integración coa APP Vigo municipal e a plataforma Smart City VCI+2.0 (8.886-113)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos



licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. VODAFONE ESPAÑA, S.A.
  2. HOP UBIQUITOUS, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación; concretamente, deberá presentar o Anexo IV do PCAP "Declaración de posta a disposición de medios por un terceiro" esixido na cláusula 14.2A ao concorrer as circunstancias nela previstas.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa o único licitador presentado a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con el. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade, admitir neste procedemento a IMATIA INNOVATION, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**c) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de infraestrutura para o centro de proceso de datos municipal (CPD) (8.921-113)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 31 de outubro de 2019:

1. CODETEL INGENIEROS, S.L.
2. EDNON
3. OUTROS ADAXES, S.L.
4. CIE TECNOLOGÍAS, S.L.
5. ELECTRONICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L.
6. ECONOCOM SERVICIOS, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 10:31	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAD4D-EFCEE2-8C318F-NBK5NM-WFUG6M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Así mesmo, lembra que a empresa COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A., debido a problemas técnicos na plataforma de licitación electrónica, acreditados no expediente, non se puido presentar a esta licitación. Esta incidencia foi comunicada á Mesa na sesión do 31 de outubro.

Á vista do escrito presentado por COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A. o 29 de outubro de 2019 e do informe asinado o 5 de novembro de 2019, por D. José Luis Arteaga, responsable de Nexus It, empresa que xestiona a plataforma de licitación electrónica – PLYCA, a concelleira delegada de Contratación resolveu o 5 de novembro de 2019 poñer a disposición desta empresa a plataforma de licitación electrónica para que puidese presentar a súa oferta polo prazo que resta entre a incidencia técnica producida e o fin do prazo (05:18 horas hábiles). O 7 de novembro púxose a disposición de COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A. a plataforma de licitación electrónica de 10:00 a 15:18 horas para que puidese presentar a súa oferta, tal e como se lle indicou mediante notificación o día 6.

Consta certificado do Rexistro xeral de data 12 de novembro de 2019 no que se indica:

*"Que consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, consta presentada unha proposición o 7 de novembro de 2019 ás 11:10 horas formulada por COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A. no procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de infraestrutura para o centro de proceso de datos municipal (CPD) (8.921-113)".*

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores presentados. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. CODETEL INGENIEROS, S.L.
  2. EDNON
  3. OUTROS ADAXES, S.L.
  4. ELECTRONICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L.
  5. ECONOCOM SERVICIOS, S.A.
  6. COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A.
  
- b) Outorgar un prazo de tres días a CIE TECNOLOGÍAS, S.L. para que poida presentar a documentación esixida asinada dixitalmente.

### **3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica**

**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo do programa de educación familiar da rede municipal de vivendas de protección a vítimas de violencia de xénero (9.563-224)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 10:31	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAD4D-EFCEE2-8C318F-NBK5NM-WFUG6M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 10:31	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAD4D-EFCEE2-8C318F-NBK5NM-WFUG6M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A secretaria comunica aos membros da Mesa o único licitador presentado a este procedemento (FUNDACIÓN ALDABA) segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con el. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses.

Acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A (documentación persoal e proposición avaliable mediante xuízo de valor).

Compróbase, en primeiro lugar, a documentación persoal e acórdase, por unanimidade, outorgar un prazo de tres días a FUNDACIÓN ALDABA para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, non declara no DEUC o compromiso de adscribir ao contrato a unha educadora social (esixida no apartado 5F do Anexo I -PCAP-) e a solvencia técnica que declara é insuficiente segundo o esixido no apartado 5C do Anexo I e a cláusula 8.5.3º do prego (34.739,08 euros). En consecuencia, deberá presentar un novo DEUC no que declare que cumpre estes requisitos. Para os efectos de facilitarlle a cumprimentación deste documento, indícaráselle que pode declarar ambos requisitos respondendo afirmativamente na Parte IV "Criterios de selección"/a: Indicación global relativa a todos los criterios de selección.

A continuación a Mesa comproba que o licitador presenta un Proxecto técnico de organización e prestación do servizo nun único arquivo dixital comprensivo de 36 páxinas.

#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto mixto para a contratación de servizos e subministros dun sistema de xestión de rutas, puntos de interese e exposicións interactivas, mediante o uso de Beacons e a súa integración coa APP Vigo municipal e a plataforma Smart City VCI+2.0 (8.886-113)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo de tres días a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A. para que poida emendar a documentación persoal.

##### b) Procedemento aberto para a contratación do servizo para a actualización das aplicacións informáticas para a xestión do imposto de actividades económicas e do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (8.816-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador presentado e admitido. O licitador presenta un único arquivo dixital comprensivo de 47 páxinas.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

#### 5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos



**critérios avaliábeis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para a Cabalgata de Reis 2020 (8.165-335)**

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Festas e Animación Sociocultural o 8 de novembro de 2019 de valoración do sobre B "proposición avaliábeis mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

**6.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de infraestrutura para o centro de proceso de datos municipal (CPD) (8.921-113)**

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2c conceder un prazo de tres días a CIE TECNOLOGÍAS, S.L. para que poida emendar a documentación persoal.

**b) Procedemento aberto dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para a Cabalgata de Reis 2020 (8.165-335)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliábeis mediante fórmula" do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo	Cubrición e decoración artística das cabezas tractoras
1	CARROFESTA, S.L.	63.041 euros	si

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa comproba que a oferta do licitador non é inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais, polo que non pode ser considerada anormalmente baixa (cláusula 18 do PCAP e artigo 85 do RD 1098/2001).

Á vista do resultado anterior e, de conformidade co previsto na cláusula 16.3 do PCAP ("As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula".) outórgase a CARROFESTA, S.L. a máxima puntuación pola súa proposición avaliábeis mediante fórmula, 49 puntos (apartado 7B do Anexo I - FEC-).

Tendo en conta a puntuación outorgada a este licitador no informe de data 8 de novembro de 2019 (36 puntos), a puntuación total é 85 puntos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 10:31	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAD4D-EFCEE2-8C318F-NBK5NM-WFUG6M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## 10.- Propostas de clasificación/clasificación

### a) Procedemento aberto dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para a Cabalgata de Reis 2020 (8.165-335)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de deseño e produción de cinco carrozas para a Cabalgata de Reis 2020 (8.165-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CARROFESTA, S.L.	85 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARROFESTA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 10:31	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAD4D-EFCEE2-8C318F-NBK5NM-WFUG6M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		